



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LUGO

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro e o Decreto 72/2013, do 25 de abril.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Federación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo conta cos medios humanos das agrupacións e asociacións que a compoñen, coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, amosada ao longo destes anos nas actuacións realizadas en colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autónoma de Galicia.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de Lugo o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a citada entidade, co fin de cooperar no financiamento das actuacións efectuadas por esta no apoio á prevención, promoción, divulgación, información, formación e socorro en materia de protección civil, no ámbito territorial da provincia de Lugo, contribuíndo deste xeito á concienciación da poboación en xeral e, de maneira específica, ao persoal voluntario de protección civil da citada provincia.





O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de colaborar con esta asociación nas actividades de formación e divulgación, en materia de protección civil, programadas para todos os seus asociados a través de cursos, xornadas, reunións e publicacións, páxina *web* e, de xeito singular, en actividades de autoprotección e de formación do persoal voluntario de protección civil.

Asemade, participar, xunto coa administración autonómica, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, colaborando activamente cas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, cos parques de bombeiros locais ou comarcais e cos grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na provincia de Lugo por esta Federación provincial, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.481.1 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2018, por un importe de cinco mil cincocentos euros (5500 €).

Por todo o exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto refundido la Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018

O director xeral de Emerxencias e Interior

Luís Menor Pérez

